

68

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

8 ou máis participantes
75 minutos

Desafío colectivo
Creación de grupo

O OVORCICIO

Fonte:

Intercultural learning T-Kit n.º 4
<http://pjp-eu.coe.int/en/web/youth-partnership/t-kits>

Título orixinal:

4.6.2 "The eggcercise"

MATERIAIS

Un ovo cru cada 5 participantes, fío, moito papel, tesoiras, revistas, cartón e cola.

ESPAZO

Espazo de polo menos 4x4 metros por grupo. Pendurar dun fío un ovo cru a 1,75 m.

PASO A PASO

1. Organizar os participantes en pequenos grupos e presentar o exercicio. A misión dos equipos consiste en realizar unha construción que impida que o ovo escache ao caer. O xogo ten as seguintes regras:
 - * Os participantes e os materiais utilizados para a construción non deben tocar nin no ovo nin no fío que os asegura.
 - * Os participantes só poden utilizar o material preparado para o xogo. (Non poden usar nin cadeiras nin mesas, por exemplo!).
2. Vixiar que os grupos seguen as regras (un facilitador para cada dous grupos).
3. Logo de 30 minutos o facilitador irá cortando os fíos que terman dos ovos e verase cantos grupos logran impedir que o seu escache.
4. A avaliación pode desenvolverse en dúas etapas: primeiro en grupos pequenos (facultativo), despois con todos os participantes.

10 minutos para a introdución
30 minutos para a resolución do problema
30 minutos para a avaliación



68

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

8 ou máis participantes
75 minutos

O OVORCICIO

VARIANTES

Este exercicio consiste nun traballo de equipo. É daptable a necesidades específicas. Para reforzar a dimensión intercultural do método, pode integrarse nunha simulación na que cada un dos membros do equipo desempeñe un papel -cultural- diferente. Para reforzar a aprendizaxe e a dimensión intercultural de maneira máis sinxela pódense engadir algunhas limitacións (a todo o grupo ou só a algúns membros):

- Non poder falar.
- Estar moi orientado a cuestións de liderado, ou polo contrario ignorar este aspecto.
- Despreocuparse do tempo ou, polo contrario, ser moi conscientes do seu paso.
- ...

REFLEXIÓN E AVALIACIÓN

A reflexión pode centrarse na cooperación no seo dos grupos para realizar as construcións. De que modo as diferentes formas de afrontar o problema influíron no traballo de equipo? Que é o que resultou máis difícil no traballo en común?

De que forma chegaron a acordos? Que descubriron os participantes?

Houbo dificultades de comunicación?

Pódese comparar o exercicio con situacións reais –tocante a formas de traballar, comportamentos e preferencias no seo do grupo–. Como levar as diferenzas de maneira construtiva? Como chegar a acordos?

Se se acrecentou algunha variante, débese interrogar os participantes sobre ela:

De que modo a "regra" ou a "limitación" influíu o traballo do equipo?

Como fixeron para superar as dificultades?

É importante que a sesión non se volva nun pretexto para "culpar" algúns participantes polo seu comportamento durante o exercicio.

O interese deste exercicio reside na súa gran flexibilidade. A partir dunha situación simple, permite abordar calquera tipo de cuestións: o traballo en equipo, o modo en que os individuos resollen os problemas e traballan en conxunto...

Con todo, esta flexibilidade pode tamén ser un inconveniente: o exercicio pode tornarse completamente sen sentido se non se desenvolve nun contexto adecuado.

